



Plan de acollida para o alumnado inmigrante ou de incorporación tardía

ÍNDICE

1. XUSTIFICACIÓN
2. DETECCIÓN DE NECESIDADES
3. OBXECTIVOS
4. ACTUACIÓNS XERAIS
 - 4.1. Información ás familias
 - 4.2. Recollida de datos.
 - 4.3. Escolarización
 - 4.4. Acollida na aula
 - 4.4.1. Algunhas pautas de acollida na aula
 - 4.4.2. Designación dun alumno/a titor/a
 - 4.4.3. Proposta de actividades na aula
5. RECURSOS
6. TEMPORALIZACIÓN
7. AVALIACIÓN
8. REFERENCIAS DE INTERESE

1. XUSTIFICACIÓN

A chegada dun alumno/a inmigrante á escola supón ter que enfrontarse a unha situación nova, nun país diferente ao seu do que descoñece case todo, e no que se atopa con novos compañeiros/as, cunha organización de clase diferente, cunhas materias novidosas e, nalgúns casos, cunha lingua nova. Este alumnado, pode presentar as seguintes características: descoñecemento das dúas linguas oficiais de Galicia, desfase curricular con respecto ao alumnado da mesma idade, falta de motivación cara o estudo, falta de interese por parte das familias cara o estudo, ambiente educativo pobre, etc.

Por todo isto é preciso que dende o centro se establezcan unha serie de medidas para que o novo alumno/a se integre ao ritmo normal da clase o antes posible, nunha situación de igualdade co resto de compañeiros/as. Estas medidas son as que pretendemos recoller no presente Programa de acollida, coa intención de que sirva de referente para todo o equipo docente.

Un Programa de acollida é un conxunto de actuacións que un centro educativo pon en marcha para facilitar a adaptación do alumnado que se incorpora por primeira vez a un centro educativo e das súas familias. Pretendemos, polo tanto, superar o simple acollemento administrativo facilitando esta incorporación nas mellores condicións e estimular a adquisición de hábitos de convivencia e socialización.

Aínda que non existe, no momento actual, no noso centro un número elevado de alumnado inmigrante ou de incorporación tardía por proceder doutros países, consideramos necesario elaborar o Programa de acollida coa finalidade de estruturar e prever as actuacións a desenvolver en cada caso.

O Programa de acollida incluírá, polo tanto, o conxunto de medidas educativas que o centro levará a cabo para conseguir a adaptación do alumnado procedente do estranxeiro ou de incorporación tardía ao sistema educativo.

O Programa de acollida deseñado susténtase nas seguintes referencias legais:

- **LOE**, Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio de educación.
- **LOMCE**, Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- **Decreto 254/2012, do 13 de decembro** polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio de educación.
- **Orde do 12 de marzo de 2013**, pola que se regula o procedemento para a

admisión do alumnado no segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato, en centros docentes sostidos con fondos públicos.

- **Decreto 374/1996, do 17 de outubro**, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia .
- **Orde do 22 de xullo de 1997**, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- **Orde de 23 de novembro de 2007**, pola que se regula a avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia .
- **Orde de 25 de xuño de 2009**, pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación no segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Decreto 330/2009, do 4 de xuño**, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Decreto 130/2007, do 28 de xuño**, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Orde do 20 de Febreiro de 2004** pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro.
- **Orde do 31 de Outubro de 1996** por a que se regula a Avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do Ditame de Escolarización.
- **Orde do 6 de Outubro de 1995** pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.

2. DETECCIÓN DE NECESIDADES

As **necesidades educativas** deste alumnado, céntranse en:

- **Necesidades lingüísticas:** é necesario ofrecer medios para a aprendizaxe das linguas, pois o seu descoñecemento afecta ás relacións sociais e á aprendizaxe.

- **Necesidade de sentirse acollido/a:** é necesario que se sinta integrado/a para lograr o éxito no proceso de ensino-aprendizaxe. Para isto debemos facilitar a integración tanto nas actividades de aula coma nas actividades extraescolares, facendo seguimento dos problemas que xurden entre os compañeiros/as.
- **Necesidades curriculares:** adecuando as programacións, os recursos, os criterios de avaliación, etc.
- **Dispoñer dun período de adaptación:** coñecer a nova cultura, os novos compañeiros/as, os mestres/as, as normas de convivencia, etc
- **Implicar ás familias:** para mellorar a acción educativa.

3. OBXECTIVOS

Os obxectivos que queremos conseguir con este Plan de acollida son os seguintes:

- Establecer criterios de actuación comúns entre o profesorado.
- Fomentar a coordinación e o traballo conxunto do profesorado (titos-especialistas -profesores que dean reforzo) para proporcionar unha atención educativa coherente ao novo alumno/a.
- Establecer as canles de comunicación axeitadas para garantir a información e participación das familias.
- Favorecer para o alumnado unha adaptación progresiva ao centro.
- Desenvolver estratexias organizativas e curriculares axeitadas a este alumnado para a consecución dos obxectivos educativos establecidos para eles.
- Favorecer a autoestima persoal de todo o alumnado novo, buscando unha axeitada integración e progreso escolar.
- Fomentar actitudes de respecto cara a estes alumnos/as e facilitar o proceso da súa integración.

4. ACTUACIÓNS XERAIS

4.1. Información ás familias

Unha vez que as familias soliciten matricular o seu fillo/a no noso centro, o **Equipo**

Directivo presentarase e a **secretaría** do centro lles proporcionará a seguinte información:

- Información do sistema educativo español e do propio centro.
- Documentación necesaria para formalizar a matrícula: fotocopia do libro de familia, fotocopia da cartilla da Seguridade Social, fotocopia da cartilla de vacinacións e dous fotografías. Se descoñecen as dúas linguas oficiais, facilitaráselles esta información por escrito, no seu idioma. Utilizarase para iso o folleto informativo para as familias “*Escolarización do alumnado procedente do estranxeiro*”, publicado en diversos idiomas e difundido a través do portal educativo da Xunta.
- Outras cuestións da organización do centro: horarios, calendario escolar, servizos de transporte, etc. A compra dos libros de texto estará determinada polo nivel de competencia curricular do alumno, esperaremos a coñecer o nivel do alumno/a para facer a compra definitiva.
- Informar, en caso necesario, sobre a existencia dos servizos sociais do concello.

Así mesmo, calquera membro do **Equipo Directivo** poderá ensinar aos pais as instalacións máis significativas do centro, como son a aula que ocupará seu fillo/a, biblioteca, ximnasio, secretaría e dirección.

Unha vez efectuada a matrícula, o **Equipo Directivo** presentará os pais ao **titor/a** do grupo no que vai ser escolarizado, o cal concertará unha **entrevista** persoal para comunicar o horario da aula, material que precisa o alumno/a e normas de organización e funcionamento da aula.

4.2. Recollida de datos

A **orientadora, en coordinación co titor/a**, recollerá a través dunha entrevista cos pais, a información relevante para a axeitada escolarización do alumno/a (aspectos relevantes da escolarización anterior como dificultades de aprendizaxe, falta de motivación, materias estudadas, competencia curricular, ...), así como sobre a súa procedencia, situación laboral e familiar, de maneira que o coñecemento das circunstancias do novo alumno/a axude a determinar as súas necesidades educativas. Toda esta información recollerase nun **informe** (exemplo de modelo ANEXO 1) que o titor/a usará para a avaliación inicial do alumno/a.

4.3. Escolarización

Segundo establece a Orde do 20 de febreiro de 2004 o alumno/a escolarízase *no curso que lle corresponde pola súa idade*, aínda que, pola información recollida, se presupón un gran desfase curricular ou non se poida determinar cales son os seus coñecementos porque non fala as nosas linguas.

Unha das medidas previstas en dita orde ofrece a *posibilidade de incorporar a estes alumnos/as ata dous cursos inferiores ao que lle correspondería por idade*, o que se terá en conta aínda que, como *medida extraordinaria e transitoria se organicen agrupamentos flexibles* para acelerar o seu proceso de aprendizaxe, *debendo permanecer na aula de apoio o menor tempo posible*. En todo caso, os alumnos/as *estarán co seu grupo de referencia nas áreas de educación física, plástica e visual, música e relixión ou alternativa*.

O **titor/a** determinará as súas necesidades educativas, a través da **avaliación inicial**. No caso de que o alumnado descoñeza as nosas linguas, utilizaranse probas de nivel no seu idioma (Internet). Neste caso a orientadora avaliará a competencia lingüística do alumno/a, a partir da cal, elaborará un Plan de Traballo específico para o ensino das linguas.

No caso de apreciar outras **necesidades educativas**, ademais das asociadas á condición de procedencia estranxeira, a **orientadora** realizará a **avaliación psicopedagóxica** pertinente.

Cos resultados desta avaliación inicial e, se é o caso, da avaliación psicopedagóxica, establecerase cal das **medidas de atención específica** para o alumnado procedente do estranxeiro, son as máis axeitadas nese caso concreto:

- Medidas de tipo curricular, establecidas con carácter xeral para a atención á diversidade: *reforzo educativo, adaptacións curriculares, flexibilizacións da idade de escolarización*. É importante lembrar que para os alumnos/as que precisen medidas de apoio, o criterio para a aplicación de ditas medidas, é desenvolverlas, na medida do posible dentro da aula ordinaria, para facilitarlles a súa integración escolar.

- Medidas de tipo organizativo, específicas para o alumnado procedente do estranxeiro, que teñen carácter temporal: *grupos de adquisición das linguas e grupos de adaptación da competencia curricular* (Orde do 20 de febreiro de 2004). Os criterios establecidos para estes grupos pódense aplicar aínda que só sexan un ou dous alumnos/as.

4.4. Acollida na aula

O primeiro día de clase é un momento moi importante para o alumnado que chega de fóra. A súa integración dependerá de como se sinta acollido e de como se relacione os primeiros días cos seus compañeiros/as e co seu titor/a. Este deberá proporcionar ao novo alumno/a unhas pautas de traballo e unhas normas de convivencia e comportamento.

O titor/a debe preparar o recibimento do novo alumnado falando ao grupo-clase do novo compañeiro/a, explicando a súa orixe, nacionalidade e cultura, e motivándoos a acollelo dun xeito o máis positivo posible.

Se o primeiro día o novo alumno/a se achega ao centro acompañado dun familiar, o titor/a daralle a benvida e presentarase.

Unha vez na clase, o primeiro que se fará será presentalo aos compañeiros/as dun xeito acolledor.

Convén controlar as relacións producidas espontaneamente, evitando as actitudes de rexeitamento ou menosprezo.

O titor/a debe facilitar a relación entre todos, apoiando en todo momento o novo alumno/a para lograr a súa integración no prazo máis curto posible.

4.4.1. Algunhas pautas de acollida na aula

Co alumnado que non fale o galego nin o castelán, haberá que buscar a comunicación dende o primeiro momento, dirixíndonos a eles con mensaxes claras, axudándonos de algún xesto e, se é necesario, de gráficos ou imaxes.

Hai que ensinarlle a escola e os espazos (utilizar carteis con pictogramas das distintas dependencias e o nome no idioma correspondente) ; animalo a participar no recreo; que non estea só nas entradas e saídas, etc.

Os titores/as deben transmitir aos alumnos/as algunhas **indicacións que favorezan a comunicación** co alumnado extranxeiro:

- Debemos darlle un bo modelo lingüístico e, polo tanto, non falar xesticulando ou gritando excesivamente, facer frases sinxelas, pronunciando con claridade, non falar telegraficamente e procurar non alterar as frases para facilitar a comprensión.
- Non dar por boas as frases incorrectas, pensando que xa fan bastante esforzo; axudarlles a que as completen ben.

- Debemos colaborar todos no tema da pronuncia; cambiar o mal dito polo correcto, de maneira que poida aprender por imitación, aínda que coidando non curtir moito a comunicación.

4.4.2. Designación do alumnado titor

Durante os primeiros días, pode ser de utilidade que se lle asigne un compañeiro/a, que sexa unha persoa acolledora e comunicativa, para sentarse ao seu lado e axudarlle. Pode ser fixo ou ir variando entre todos os da clase.

As principais **funcións** para realizar o alumnado titor son as seguintes:

- Facilitar a integración do alumnado estranxeiro, evitando o seu illamento inicial ou nos tempos de lecer.
- Presentalo a outros compañeiros/as, profesorado, persoal non docente, etc.
- Tratar de resolver as dificultades iniciais de comunicación.
- Axudarlle a entender as tarefas escolares que debe realizar.
- Orientalo sobre o funcionamento do centro: horarios, material de traballo, dependencias e espazos.
- Colaborar co titor/a comunicándolle as dificultades que detecte.

4.4.3. Proposta de actividades na aula

O titor/a pode utilizar novas formas de organización da aula ou cambios na metodoloxía, de maneira que a dinámica da aula favoreza a acollida do alumnado que procede do estranxeiro e se integre no grupo con facilidade.

Convén organizar algunha **actividade inicial** na que se fomente a participación do alumno/a e que sexa para el significativa:

- Utilizar actividades ou xogos de presentación para aprender os nomes e aficións dos demais. (ANEXO 2).
- Informar ao grupo-clase sobre o país de procedencia do alumnado inmigrante: costumes, relixión, cultura. Pódese utilizar un mapa para situalo xeográficamente. No caso de que coñeza a nosa lingua, facer que o alumno/a participe e dea a coñecer a súa cultura.
- Informar ao alumnado inmigrante sobre a comunidade que os acolle: costumes, comidas, cultura en xeral...
- Buscar en internet, por grupos, información e materiais sobre os países

representados na clase e realizar murais ou traballos con material visual.

- Formar, se é o caso, grupos con membros de distintas culturas, nos que o alumnado estranxeiro achegue aspectos da súa cultura e os costumes da súa escola anterior.
- Ver e comentar algún documental ou película relacionados co país de orixe.
- Utilizar na aula algunhas referencias da lingua de orixe estranxeira, como son os saúdos, as despedidas, expresións e frases feitas.

É moi importante facer participar activamente ao novo alumnado naqueles aspectos nos que sexa competente, fomentando a súa estima e dándolle seguridade e confianza: que se exprese na súa lingua, manifestando as súas habilidades ou coñecementos na expresión plástica e musical, na educación física...

Tamén se poden utilizar rótulos cos nomes das cousas, murais, resumos, imaxes, etc., dos temas que se están a estudar ou de situacións habituais, de xeito que lle faciliten as aprendizaxes.

5. RECURSOS

a) Persoais: o alumnado do centro, profesor/a titor/a, equipo docente, departamento de orientación, EOE, servizos sociais, familia, etc.

b) Materiais: Uso de materiais especialmente indicados para a aprendizaxe da lingua, con apoio gráfico e visual, tarxetas con palabras e imaxes, emprego das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC), con actividades educativas.

c) Organizativos: O departamento de orientación coordinará o desenvolvemento e seguimento do programa.

6. TEMPORALIZACIÓN

O presente plan desenvolverase polo menos durante o primeiro trimestre, e ao longo do curso segundo se incorporen novos/as alumnos e alumnas estranxeiros/as.

7. AVALIACIÓN

A avaliación do plan de acollida realizarase a través do seguimento nas reunións do departamento de orientación, así como nas sesións de avaliación.

Partirase dunha **avaliación inicial**, levando a cabo unha exploración oral e escrita e unha observación directa e sistemática.

A avaliación será **continua, formativa, global e integradora**, avaliando non só as aprendizaxes do alumno/a senón tamén o proceso de ensinanza -aprendizaxe, a propia programación e a práctica docente do titor/a e dos especialistas, así como o propio plan de acollida.

Os **criterios** de avaliación que se terán en conta son:

- Grao de coñecemento da lingua para seguir o currículo.
- Grao de participación en todas as actividades educativas.
- Nivel de competencia curricular.
- Relacións grupais dos alumnos/as.
- Grao de implicación dos pais e nais.

8. REFERENCIAS DE INTERESE

- <http://www.aulaintercultural.org> (Patrocinada pola UXT, Fete-UXT, IMSERSO e CIDE)
- <http://cnice.mecd.es/interculturamet/recurs11.htm> (do centro nacional de información e comunicación educativa, pertencente ao Ministerio de Educación).
- Portal educativo: <http://www.edu.xunta.es/>, buscando na Dirección Xeral de Centros e Ordenación educativa/Atención á diversidade/Alumnado procedente do estranxeiro, atópanse de interese para a acollida, o seguinte:
 - Normativa: Orde do 20 de febreiro de 2004 (DOG do 26 de febreiro).
 - Recursos:
 - Folleto para información ás familias da escolarización do alumnado estranxeiro.
 - Guía do sistema educativo galego (10 idiomas).
 - Guía de comunicación básica (10 idiomas).
 - Plan de acollida. Orientacións para a súa elaboración.
 - Dicionario visual interactivo temático.
 - Dicionario e tradutores informáticos a diferentes idiomas.
 - Recursos elaborados polos profesores.

ANEXO 1
RECOLLIDA DE INFORMACIÓN INICIAL DO ALUMNADO INMIGRANTE

CENTRO _____ Curso escolar _____

DATOS PERSOAIS

Nome: _____ Apelidos: _____

Data de nacemento: _____

Domicilio: _____

Localidade: _____ Teléfono: _____

Nacionalidade: _____ Lingua _____ de
orixe: _____

Tempo de residencia en España: _____

DATOS MÉDICOS

Problemas de saúde: _____

Datos evolutivos destacables: _____

DATOS FAMILIARES

Nome da nai: _____ Tempo de residencia en España: _____

Nome do pai: _____ Tempo de residencia en España: _____

Composición actual do núcleo familiar: _____

Nacionalidade dos pais: _____

Domicilio familiar: _____

Localidade: _____ Teléfono: _____

Lingua(s) familiares: _____

A familia entende e/ou fala o galego e/ou castelán (sublíñese o que proceda)

DATOS ACADÉMICOS

Anos e nivel de escolarización no seu país de procedencia _____

¿Estivo escolarizado anteriormente en España? SI NON

¿Canto tempo e onde? _____

Nivel de coñecementos da *súa lingua*: _____

Nivel de coñecementos da *lingua galega*: _____

Expresión oral _____ Comprensión _____ oral

Expresión escrita _____ Comprensión escrita _____

Nivel de coñecementos da *lingua castelá*: _____

Expresión oral _____ Comprensión oral _____

Expresión escrita _____ Comprensión escrita _____

Coñecementos *doutras linguas*: _____

Nivel de competencia curricular noutras áreas: _____

Medidas de atención á diversidade aplicadas anteriormente _____

OBSERVACIÓNS:

ANEXO 2
ACTIVIDADES DE PRESENTACIÓN

PEGATINA (Infantil)

Entrégaselle aos alumnos/as un folio en branco e se lles dí:

Escribe con letras grandes o teu nome e debuxa algo co que te sintas identificado/a (animal, cousa ou personaxe real ou imaxinario).

A continuación coloca a folla no xersei a xeito de pegatina e conta aos teus compañeiros/as o que debuxaches e por qué.

PEGATINA (Primaria)

Entrégaselle aos alumnos/as un folio en branco e se lles dí:

Escribe con letras grandes o teu nome.

No ángulo superior dereito escribe dous adxectivos que te describan. No esquerdo escribe palabras que indiquen cousas que che gusta facer.

No ángulo inferior dereito escribe o nome dalgún lugar que che gustaría visitar. No esquerdo, o nome dalgún personaxe real ou imaxinario polo que sintes admiración.

A continuación coloca a folla no xersei a xeito de pegatina e conta aos teus compañeiros/as cómo eres.

O MEU PROPIO PAÍS

Escribe o nome do teu país de procedencia e as cinco cousas que levarías do teu país a outro como mostra da súa esencia.

.....
.....
.....
.....
.....

A continuación haberá unha exposición en gran grupo e se comparará, se é o caso, coas cousas que seleccionan os nenos e nenas de culturas diferentes.

O QUE MAIS ME GUSTA

Contesta as seguintes preguntas sobre ti:

¿Cal é o teu libro preferido?

¿A túa canción?

¿O teu xogo?

¿A túa película?

¿A túa comida?

¿A túa paisaxe?

¿A túa hora do día?

¿A frase que che dixeron e que mais che gustou?

Cando todos rematen, comunica os teus gustos aos teus compañeiros/as e intenta que participen dos mesmos aportando boas razóns.

SE EU FOSE . . .

Entregarase a cada alumno/a unha tarxeta na que terá que completar as frases seguintes:

Se eu fose coche sería un...

Se eu fose un lugar xeográfico sería...

Se eu fose un animal sería...

Se eu fose unha música sería...

Se eu fose unha comida sería...

Se eu fose un deporte sería...

Se eu fose un lugar do colexio sería...

Cando todos rematen, recóllense as tarxetas, barállanse e vólvense a repartir. Cada un irá lendo en voz alta a tarxeta que lle correspondeu. O grupo ten que averiguar quen a escribiu falando entre eles. Cando se averigua, se lle pon o nome e colócanse nun panel.